

¡Galicia! Nai e señora,  
sempre garimosa e forte;  
preto e leños; onte, ago-  
(ra),  
mañán... na vida e na  
(morte!).

R. CABANILLAS

# anosa terra

Ano XXX — Núm. 455 ★

BOS AIRES, ABRIL 1947

Registro Nacional de la  
Propiedad Intelectual 231.487

PRINCIPIOS DO GALEGUISMO
1 - Galicia, unidade cultural.
2 - Galicia, pobo autónomo
3 - Galicia, co munitude cooperativa.
4 - Galicia, céntrica de universalidades.

## Galeguismo Reafirma os Seus Ideaes

Les tíduos cuio facsimile publicamos no meio desta páxina, as torras clandestinas da nosa terra que soerguen a bandeira galeguista, escriben e fan circular un periódico cuio número de xaneiro pasado compracámonos en reproducir integralmente.

Xaneiro de 1947.

### CANTON DAS IDEAS

A nosa posición de galegos e de demócratas, é clara e precisa. Non militamos na demagogoxía, nin na estridencia inútil. Traballamos, en coincidencia coas demás forzas democráticas, para eliminar a dictadura franquista. Estamos de acordo — e sumamos o noso esforzo — no derrocamento do actual réxime, e no propósito de reinstaurar os principios repubricanos. Pero nada disto tería positivo valor, si non representara o primeiro paso para implantar fondas reformas, que fagan imposible o futuro establecemento de novas dictaduras. Sin iso, falar de libertade e democracia, serían verbas valdeiras, vento e bruído somentes.

Galicia tense curado de todo romanticismo político. Non pode esquecer, e non esquece, as duras leccións dos derradeiros tempos. Ten plena concencia dos comprelos problemas que mandan solución urgente e eficaz. Problemas específicos e propios, que teñen de ser resoltos en conscientia coas suas típicas características.

Galicia non quere privilexios, nin pra ela, nin pra os máis. Todolos povos hispánicos han de ser iguales en dereitos y en deberes. Todos deben ter as mesmas libertades, e as mesmas posibilidades.

De outra banda, Galicia non limita a sua atención aos problemas que lle son privativos. Non descoñece que a sua prosperidade económica é interdependente da prosperidade económica das demás terras da Hespanha. Pero e imposible revitalizar os seus recursos de riqueza e de traballo, namentras o estado centralista afogue o espírito de iniciativa que as nosas modalidades reclaman.

Teimamos erguer asín, a economía dos nosos labregos. Queremos preparalos pra unha explotación racional, da sua riqueza típica. Queremos axeitar os modernos sistemas de cultivo, á peculiaridade da nosa agricultura minifundista. Propónemos inserir os principios sociais más avanzados, a xusticia social más nova, no rutinarismo tradicional que os nosos enemigos sostiveron.

Galicia ten de abrir perspectivas amplias á sua capacidade futurista, ten que refugar a miseria e o atraso, enriquentar o seu patrimonio agropecuario, industrial e peixeiro, dar o chouto cara a diaite polos canles dun necesario progreso.

Galicia, sendo ela mesma, dentro da sua peculiaridade, da sua lingua, da sua cultura, e da sua historia, será materia viva de aitividade fecunda no concerto democrático hispánico.

## Galicia

(Boletín de Información)

A política que non preve e prepara o mañán, é xogo insensato e grotesco de vaidades e ambicións. Por iso, nós, a par que labouramos, por desmontar e destruir toda a máquina franquista, que sementou a confusión e o desastre en oito anos de mal governo, loitamos polo arredondeamento dun programa construtivo que alonxe pra sempre a ameaza de calquier novo atentado á libertade e a democracia.

Nós queremos facer dunha Galicia autónoma, un pobo políticamente más ceibe, socialmente más xusto, económicoamente más rico, e espiritualmente más culto.

### A POLÍTICA DA LIBERTADE

#### O galeguismo defende:

1º — O recoñecimento da persoalidade xurídica de Galicia, pra sua autodeterminación política, sin que isto poida representar un crebamento da solidariedade que nos avenceña natural e ceibemente co Estado hispánico, dentro do réxime repubricán, garantía das nosas libertades e da democracia da nosa política.

2º — A perduración das caraterísticas da persoalidade galega, é arela que Galicia, adquirindo a concencia do seu propio ser, cultive o ideal de aquela persoalidade deixa conquerir un novo rexurdimento do seu espírito.

3º — Unha acción social xusta e alonxada, capaz de mellorar a vida labrega o mariñeira, e de capacitar ao traballador galego pra sua consciente, intervención na gobernanza dos intereses galegos, e pra sua redención económica.

4º — O cumprimento dos destíños históricos de Galicia, enchendo o imperativo que representa a seu venzellamento a unha superior unidade humá, que intente asegurar, guindando cas fronteiras, a paz dos pobos e o benestar dos homes.

A historia é vida. E nós queremos que Galicia viva. Nós esperimentamos a Galicia pra que a morte non a sorprenda neste sono de decadencia e opreixon en que se atopa. Traballamos por Galicia, e acadaremos o froito do longo traballo. Loitamos por Galicia, e ollaremos os seus trunfos. Quen non loita non pode trunfar.

Damos a Galicia o noso traballo, a nosa vontade, a nosa fe. Nesta noite trebosa de asoballamento, presentamos a certeza do mañán. Que a albada do novo dia nos colla labourando, rexa a vontade, fortísimo o acento do noso canto civil, pola nova Galicia que temos que soerguer!

### O NOSO PULO

Por todolos vieiros de Galicia estamos deixando a semente fructificando un réxime de castas a prol dos

dora: no campo, na cidade, na Universidade e nos centros de traballo. Ningún descoñece a meta a que nos leva o noso pulo liberador. Todos saben que se trata da libertade espiritual e económica da Terra. Comenzamos a sentirnos dinámicos e encantados de forza. Por iso nos achegamos ás xentes a lles decir o noso propósito. Por iso presentamos diante do mundo galego, anceioso de se redimir, o afán que nos roxe.

Pra Galicia a idea que pedricamos, non pode siñificar unha nova dependencia dos vividores da política. Tam poco un níu de vellos estilos, que non marquen a tónica liberadora dun erao horizonte.

Pra Galicia a nosa bandeira, frente á opreixon, é unha bandeira auténtica de libertade.

Crer en Galicia, galegos! Primeira afirmación da nova fe. En Galicia, no seu volume vital, na sua capacidade criadora, na fecundidade do seu xenio, no servicio dos seus homes.

Crer, sin masoquismos nin choradeira. Preformados e non deformados polas mixturas arrasadoras, pola falsa propensión ao pranto, pola cobiza dun falago, ou dunha esmola: Limpos, ergueitos, puidentes, universais.

### A UNIDADE DOS POVOS HESPAÑOES

A unidade viva, cordial, entrancabel dos pobos hispánicos, sojo será asequibel si ten por base a sua real diversidade étnica. I é a estroitura federal do estado, a única que pode conciliar e concilia, aquela unidade e ista diversidade. A única, tamén, que pode dar a Hespanha a estabilidade constitucional que persigue fai máis dun século, e que fixeron imposible, unha e outra vegada, as continuas intromisiones do exército coa política.

Coa estroitura federal de Hespanha, eando cada un dos estados componentes da federación hispánica, teña nas suas máns as correspondentes forzas de orden público, o pronunciamento, tan característico e tan perturbador da política hispánica, terase rematado dunha vegada pra sempre.

### A POLÍTICA DA TIRANIA

Unha carta intresante

Unha destacada figura das dereitas hispánicas, dirixiu a un persoero calificado do movemento católico, unha sustanciosa carta encol da política franquista, da que reproducimos o seguinte anaco:

"Nin o senso cristián da libertade é compatibel coa tribúa amordazada, a prensa escrava, a libro censurado, a asociación ceibe proscrita; nin a concepción cristián do orde consinte que morra a xente de fame, sin que as suas protestas perturben as dixes de sens dirixentes; nin a xusticia cristián permite que se asoballe a comutativa, levándose o Estado a parte do león en toda aitividade económica; a distributiva, substituindo a igualdade do cidadán diante da lei por un réxime de castas a prol dos

conformistas serviles de todalas crases; e a social, adicando o Presupuesto do país, a quenes usufrután o Poder, e aos seus defensores, aduladores e recandadores; nin, derradeiramente, a caridade ademite que se reduza cos distingos soorsos calificativos ou esmoladas de Don Xoán de Robres, namentras se atiza constantemente o odio ante as distintas categorías sociais pra fomentar a desconfianza e o medo, e poder empregar así o terror, coma único resorte de Goberno".

Dende todalas esquiñas da nosa terra, y en áxil e mañánico vó de idealidade, as mans amigas dos mozos galegos erguense sobre do geos patrio, biando todolos ventos i agarrando direcções, pra dibuxar nas cinco puntas da estrela do horizonte, a emocional aperta que estreita sentires e unifica esforzos. Aperta íntima, fonda, que concatena aiciones e da vida real e orgaizada, a ise interno latejar de autoctonia que crispera, en aceleradas vibracións, as augas limpas da emotividade cordial, da auténtica e san mochedade galega.

### REALIDADES POLICIAZACAS DO RÉXIME

Neste mes, procédese polas Delegacións Sindicales, á recollida da esación de cupos forzosos de millo e de fabas. Nin que decir tén que o feito considerárono os labregos, como unha rapiña. Pois, ao non aparecer a xusticia de tal medida por ningures — xa que ningún sabe a onde van a parar os centos de millores de toneadas de graus e legumes —, xúlgase ista determinación coma un ladrizo.

En tanto chegue ás "nñas" dos "gobernantes" a riqueza requisada, faráse o reparto duns gramos por persona no primeiro mes, outro da mitade dos mesmos gramos no segundo, e o terceiro xa non saberá ningún quien coméu todo o que ficaba.

Craro está que, pasados uns días, comezaría en perfeita organización a política do "estrangular" dises artigos. Os "honrados falanxistas" pagan a dous, venden a seis, e logo a vinte. A fame do pobo non conta, que pra eso xa se alimenta cos discursos do "Caudillo", todo fartura e sustancia.

Conquerido formal caráter de corpo orgánico, axuntados na converxencia dunha afirmación galega, labouramos con fé no trunfo da libertade.

### PROPAGANDA FRANQUISTA

"Para los malvados dirigentes de aquella terrible matanza que ahora sostienen que fueron realizados por los incontrolados, ofrecemos el caso de Delgado Barreto, cuatro meses encareelado. Sin proceso, ni intervención judicial alguna, Delgado Barreto fué sacrificado por sus ideas y por su pluma". (De A. B. C.)

Certo. Delgado Barreto foi arrinrado das mans do Poder xudicial polas turbas indiñadas, aos catro meses

do seu encadeamento, e da sublevación de Franco contra do Poder constituido. A sua pruma, de escola feixista, estivo de cote ao servicio do engano e dainxuria contra das institucións repubricanas, e de honorables individualidades.

Sinceiramente, condenamos con firmeza o procedimento.

Mais... na zona tráxicamente "controlada", milleiros e milleiros de crímenes demandan xusticia.

Nas cunetas das estradas galegas, nos camiños e congostas da nosa terra, nos leitos dos ríos e nas entranas da mar, a dramática estadea dos "paseados", ergúense diante de nós con rexia presencia.

A nosa memoria xurden dous nomes ante un número infindo diles: Camilo Díaz Balino, pintor e publicista, e Anxel Casal, editor. Almas xenerosas ambas, irmáns galegos de honrada condición. Ao subrevérense os falanxistas, foron encarcados. Un mes despois foron "sacrificados" por forzas franquistas ben controladas, "sin proceso, ni intervención xudicial algúna".

E o noso gran mártir, Alejandro Bóveda, gueiro do movemento galeguista, detido na mesma data, caeu frente ás balas franquistas en Agosto do 36, despois de aturar a bulra dun daquiles grotescos consellos de guerra...

Un distes consellos absolvéu, por estrano caso, ao vello petrucio Don Aquilino Sánchez, alcalde de Carballedo. Non embargantes tres días despois foi tirado da cadea pra un atómico escoitado por "guardias de seguridad", e asesiñado perto de Villarino, en compañía doutros democráticos galegos, "sin proceso, ni intervención xudicial, etc."

Dueas e ducias de centos de victimas do franquismo — no inicio da guerra, perante ela, e despois da guerra — asesiñados polas suas ideas democráticas e galeguistas, non quererán venganza, pero cixixen xusticia.

### OS NOVOS PRESUPOSTOS

— A política de estruchamento material da vida das terras hispánicas, e de desfeita económica, continua o seu rumo. Agora, despois dun xogo teatral con valdeira retórica, as chamadas "Cortes da Nación", votaron os novos presupostos.

Aumentase deixa o derradeiro límite, a capacidade dos contribuyentes, e a conta da fame e da miseria das xentes, vérquese cásase a mitade do presupuesto — en porcentaxe da máis de seis mil millóns de pesetas —, pra atender aos gastos das forzas armadas e de polisia.

Veleiqua a realidade da xusticia social e reconstrutiva, que tanto se pregó.

Os homes que profesan na fé da nosa existencia galega, teñen de saber choutar porriba das espaciais distancias, pra se atopar e axuntarse, en afervoada presencia de corpo e espírito, no vértice esaio, e preno de querer, da axeitada organización que Galicia reclama.

### A VERDADE DUNHAS MANIFESTACIONES

Os desfiles de "Homaxe a Franco" celebrados nas cidades galegas, non foron máis que unha probe mascaraada, na que fallou por enteiro o nervo popular. Uns cantos aduladores e aproveitados en cada pobo, dando berros isolados, no medio dun ambiente de desprecio e friaxia.

A manifestación revelouse en muitos cíneis de Galicia, onde a exhibición na pantalla da concentración de Madrid, recibíñse con asubíos e pateos.

# Encol dō Galeguismo

por AVELINO DÍAZ



existen tales direitos, non que ren facer nada pra Galicia como non seja no senso eiscrusivamente centrista, unitario i-an tinatural que afoga o vivir dos povos da Hespaña, incruso o castelán.

No seu papel de internacionistas queren unha Hespaña grande pra, logo, xungila o resto do mundo (se o mundo querre), facendo así a "patria de todos". Queren unha Hespaña grande basamentada na submisión dos povos hespañoles a un sistema político que está fora da razón e ainda da comenencia da Hespaña mesma. Non se decatan que pra facer un todo grande fai falla que as partes seian grandes na xusta proporción, non se decatan que pra facer esa suma de grandezas fai falla que as destintas nazonalidades que compoñen a Hespaña teñan libertade política e desfruten dos direitos naturaes que lles corresponden pra podérense encorparar ó todo, de xeito que este seja algo sustancial e non un esqueleto grande con osos somentes e sin carne nin miolos, peior ainda, sin espírito.

Eses galegos que queren a Hespaña grande farían mui ben en ter voluntade pra querer saber que o galeguismo non é separatismo, nin é unha causa di-sociadora; farían mui ben en entender que os galeguistas tamén queremos a Hespaña grande coa condición de que esa grandeza teña por basamento a grandeza proporcional dos povos todos d-Hespaña e non o domínio d-un povo sober dos outros.

E pra que haxa esa grandeza total que nós, os galeguistas, ta-

mén queremos, fai falla que os povos teñan libertade política i-económica pra poder desenrolar o seu vivir de xeito natural e constituir cada un d-eles a parte que, logo, ha de integrar o todo, pol-a propia voluntade de cada un, pol-a propia comenencia de todos, en calidade de irmáns con deberes e direitos iguales, e non como agora, que un povo é amo i-os outros son servos.

O galeguismo non é separatista. Os separatistas son os que non entenden o galeguismo, ou non-o queren entender. O galeguismo é unha concepción política tan ancha com-o mundo e parte do individuo mesmo pra chegar á amplitud do mundo. Pra que haxa un povo grande fai falla que os cibdadáns d-ese povo teñan libertade e disfruten de todo o que é perciso pra ter unha vida dina.

Pra que haxa unha Hespaña grande que se poida incorporar orgullosamente á gran patria universal fai falla pirmeiro que os povos da Hespaña non seian esclavos, que teñan libertade pra vivir a sua vida e facer a sua grandeza que, despóis, non será a d-este ou d-aquel, senón a de todos.

Coa libertade autonómica dos povos, Hespaña pode chegar a ser grande i-a poder dialogar co mundo algo más do que pode agora. D-outro xeito Hespaña non será grande nin poderá apontar o mundo máis que unha ficción de grandeza encubrindo unha grande pobreza com-a do seu sistema político actual.

O galeguismo quer autonomía e, por ese camiño, quer chegar á Hespaña grande, á verdadeira e natural unión dos povos, ó internacionalismo, á patria universal, en suma.

## AS ARRANS PIDEN REI

por VERDUGUILLO

As arrans monárquicas, erando na Hespaña, a Xúpiter piden lles mande un monarca.

Como aquelas outras —as arráns da fábula—, non saben viviren sen seren escravas.

E por eso queren, de calquera traza, un rei, aunque sexa como os da baraza.

Estos seres viles, que soio antre a lama atopan contento e o seu canto lanzan, vestíndose agora coa pel democrática, outra volta préstanse pra salvar á Hespaña.

Agora a falanxe non serve de nada aos que noutro temp. tanto a pondeiraban.

Agora dos "roxos", fanse camaradas. ¡Abófó que boa estache a navalla! ¡Disfrázado o lobo de ovellaña mansa!

E republicanos hai tan papanatas que lles fan o xogo a esas alimañas.

Xúpiter, en tanto, con moita cachaza, olla dende o Olimpo sen dar unha fala.

De pronto, na testa, dando unha palmada, con berro de trono, por Mercurio chama.

Corre o mensaxeiro a ver o que pasa, e así que se entera do que o paí lle manda, sae como unha flecha, axitando as azas.

Volve ao pouco tempo con grande algazara. No meio du-n coro que canta e que danza, trai algo que asombra a todos lles causa.

Trai por unha corda preso dunha pata un porco cativeiro, de redonda panza que leve unha croa na cachola baixa.

Xúpiter, ao velo, causoulle tal gracia, que perdendo a súa olímpica estampa, temblar fixo o ceo cunha careaxada.

E dicindo: ¡Conque, queredes monarca!, o porco do rabo colleu sen tardanza e, como un madeiro, guindouno na charca.



Os ministros socialistas que integraban o gabinete de Xiral ne-garonlle o apoio a éste porque querían que se formase unha especie de xunta ou comité que escluira aos comunistas e dera cabida a xentes de dereita, incluso monárquicos.

Mais resulta que o goberno presidido pol-o señor Llopis, que era o segredario do partido socialista de Prieto, sigue con un ministro comunista —desta vez con carteira— e non ten ningún representante das dereitas.

Dase ademais o caso de que Galiza e os militares republicáns quedaron sin a representación que antes tiñan no goberno de Xiral.

Entón ¿por qué se produxo a crisis? ¿Sería unha venganza do comité anglo-prieta?

Xiral era demasiado honrado para prestarse a turbios manejos.

\*\*\*

UNHA bomba atómica de xoguete lanzou o "caudillo" sober dos monárquicos.

Hespaña é un reino, pero sin rei; esto é, un pastel de lebre, pero sin lebre.

Don Xoan está furioso pol-o que él considera unha falta de respeito. ¿Cómo se entende? ¿Quén é ese chisgarasbis para decretar o sucesor de Carlos V?

Non se acorda o eislado en Estoril de cando felicitaba ao salvador de Hespaña e se lle ofrecía pra "todo o que quixese mandar".

Entre bois non hai cornadas.

\*\*\*

AO Sr. Truman preocúpalle moito sostener ás democracias de Grecia e Turquía. Parécenos moi ben. Todo o que se faga por defender a forma democrática de goberno, é unha obra de senso común.

Pero dase a casualidade que hai un povo que está sofrindo ainda un réxime imposto pol-a força das baionetas nazifeixistas, réxime de barbarie, que deixa oscurecido aos más sombrisos da Idade Meia, y ese povo non merece a axuda do señor Truman.

E que hai dúas varas: Unha para Ourense e outra para Ourense. Custión de meridianos.

\*\*\*

O señor Madariaga é agora partidario da intervención extranjeira na Hespaña. Non fai moito tempo pedricábanos que os asuntos hespañoles debían ser resoltos polos mesmos hespañoles. ¿Por qué cambeou de opinión o Sr. Madariaga?

"Agora —dijo él— hai un goberno que pode sustituir sin perigo o réxime repudiado de Franco". ¿Cómo? ¿O goberno de Llopis?

Non, o que existe en potencia en Estoril.

Estes intelectuais "ao servizo da Repùblica" son uns verdadeiros humoristas.

\*\*\*

O Centro Galego xuntouse coas entidades feixistas hespañolas para formar un comité que estude a emigración da Hespaña cara a estas terras.

¿Qué fan que facer o Centro Galego nese comité? Non lle da vergonza de convivir con xentes que defenden un réxime de tiranía e opresión, repudiado por case todo o mundo?

Ademais, non ten siquera o orgullo de sentirse galego? Non sabe que a maior parte da emigración hespañola ven da nosa terra?

¿Por qué ha de ir ao rabo dos hespañoles centralistas, que nos odian?

El, que podería e debería sere cabeza, conténtase con sere rabo.

\*\*\*

UN afamado literato lusitán, o señor Sousa Costa, publica en "La Prensa" d-esta capital un artigo no que quiere facer o eloxio dos galegos, con este pomposo títu: "La Galicia heroica e La más grande de sus obras".

Para o Sr. Sousa Costa, o meirande que fixeron os galegos en Portugal foron os viñedos que ruben polas montañas do oeste Douro e producen o tan nomeado viño de Oporto.

Aqueles probes galegos, baixo o látigo dun capataz, que sen dúbida sería portugués, reaizaron a heroica epopeia de facer fro-tiferas as escarpadas ladeiras dos mencionados montes.

Para o Sr. Sousa Costa, os galegos, pol-o visto, soio serven para burros de carga. Esquénse dalgunhas outras cousas debidas aos galegos na patria de Camoëns, que descendía de galegos; pero non teñen importancia, son pequenas cousas que non val a pena de lembrar, como por exemplo, a parte que tomaron os galegos na formación e afincamento de Portugal.

Da noxo leer certas loas que nos dirixen escritores amigos. ¿Qué podremos esperar dos outros?

# Comentarios a Derradeira Crisis Os Galegos en Nova York

Anque sexa un pouco tarde, temos que comentar a crisis que orixinou a caída do goberno de D. Xosé Xiral e dou lugar á formación do gabinete que preside o Sr. Llopis. Queremos deixar establecida a nosa posición, porque así convén para o futuro, para o noso futuro.

Cando o Sr. Xiral chegou a París, despóis do éxito indiscutíbel outido na U. N., conseguiu que Norteamérica e Inglaterra votasen a favor do retiro dos embaixadores en Madrid, todos pensamos —os que non temos malicia— que o goberno daríalle un voto de confianza ao seu presidente polo gran trunfo diplomático que había lougrado, a pesares da oposición que lle fixeron os vergonzantes defensores de Franco. Trunfo que se evidenciou, non somentes na Asamblea das Nacións Unidas, senón nos países que romperon coa España franquista e reconeceron o noso goberno republicán.

Pero as cousas non sucederon como era doadoo esperar; aqueles que estaban agardando co puñal escondido cravárono no corazón de Xiral, cando a ocasión se lles presentou propicia. Con toda alegría, con todo ensañamento.

E prodúxose a crisis máis inxusta de toda a historia política. Un ministerio que acababa de outer un éxito rotundo, desaparece precisamente a causa dese mesmo éxito, que desbarata o plan dos seus nemigos encubertos. ¿Poderá darse cousa más disparatada?

E si dixéramos que o ministro recién formado é de más amplia concentración que o anterior e de maior firmeza nos propósitos de reconquerir a República, ainda nos parecería ben, aunque o proceder e o momento non foran os más axeitados.

Pero ¿qué saímos gañando no cambio? O goberno de Xiral había adequirido un renome indiscutíbel e había inspirado unha gran confianza á masa república. Tiña representantes de case todolos seítors políticos —únicamente faltaban os negriñistas—, dende a dereita até a esquerda; Galiza, Vasconia e Cataluña formaban parte dél; os militares republicános estaban representados polo xeneral Saravia; Xiral non se oponía a que ingresaran todolos que se comprometeran a reconquerir a República, sen claudicacións de ningún xénero... ¿Qué querían, pois, os conxurados? ¿A entrega?

Vexamos agora a composición do ministerio que preside o señor Llopis, coa excepción dos republicános de dereita, dos militares e de Galiza, o goberno sigue constituído na mesma forma en que se atopaba antes da crisis. Entón, en lugar de aumentar a representación das forzas anti-franquistas, redúxose dun xeito lamentabel.

Con fonda amargura contemplamos os sucesos acaescidos en París. E non polo agravio infierto a Galiza, deixándoa sin representación no gabinete formal, mais polo tristeza que nos

causa o ver cómo os mesmos republicános son os que se encargan de dificultar o reconquerimento da República.

O noso representante no ministerio desaparecido cumpleu folgadamente co seu deber. Defendeu con todo tesón e valentía ao goberno de que formaba parte e á República que todos aceiamos. Non os queda nin o menor remordimento por tal motivo. Quédanos, polo contrario, o orgullo de habere sido os que mantivemos en outo a bandera da liberdade. Aos autonomistas galegos cábenos a gloria de ser os que mellor interpretaron, nun momento tan crítico, os verdadeiros sentimientos do povo. Os chamados por algúns "separatistas" foron os que se amostraron más hispanos. Temos a concencia limpia e non os

pon medo o porvir. Galiza, no intere en que lle pidamos o esforzo decisivo, saberá respondernos.

Por eso non os altera o feito de quedar oxe fora do goberno. Para nós é unha honra non pertenecer a él. Precisamente, quando escribimos estas liñas, noticias chegadas da España e de París, revelan que os sinceiros republicános escomenzan a darse conta de que han sido engañados cunha burda maniobra entreguista, e a reacción non tardará seguramente en producirse dun xeito exemplar.

Por que as cousas se encaminan cara á solución que debe primar para a consecución dos nossos ideais, facemos votos, esquencendo aldraxes, en ben da República para España e da Autonomía para Galiza.

## O Nosso Idioma, e Os Directivos do "Centro Gallego"

*Despois de moito bourar n-éles, para facelos entrar pola estrada da cultura, os directivos da nosa gran institución mutualista, parece que, o fin, enderíitanse resoltos e decididos, a facer algo pola cultura galega. Non invos a ser nós, claro está, os que lles poñamos impedimentos na súa rota. Pero, sí, debemos de facerles algunas observacións, para que non se devien da debida e acertada ourentación.*

*Xa o ano pasado tuvemos que advertirillo, e hoxe volvemos encollerado mesmo tema. De todolos premios propostos para os concursantes que non eran, por certo, pequenos, non había siquera un miserable billete de cen pesos, para premiar un soneto no noso idioma. Deste feito, fixémonos eco a seu debido tempo. As nossas observacións tuvieron algúns efecto; porque, este ano, xa modificaron n-este senso o concurso. No certamen de este ano, os traballos que se presenten, si están escritos en galego, gozarán d'unha prima especial. Pero esta é unha cómoda e dada maneira de escapar pola taxente, ou de quedar ben sin gastar nada. Deben establecerse claramente que tales ou tales temas teñen que ser obligatoriamente en galego. A Federación de Sociedades Galegas, fixo así o ano pasado, e non oustante a pequenez d'os premios, o concurso foi un gran éxito, en algúns dos seus aspeitos. Por el, hoxe, áchanse traducidos ao galego, os más grandes poetas franceses e ingleses modernos, desde o romanticismo até as más ultras escolas literarias, gracias ao patriotismo e a intelixente capacidade de tres galegos beneméritos: Plácido Castro, F. Delgado Gurriarán e Luis Tobío; ademais d'un magnífico libro de ensaios de Fernández del Riego, xoven e brillante escritor e político galego. Ao seren traducidas, estos poetas, demostraron en forma indubiosa a capacidade receptiva do galego. O que hay que facer e cultivalo.*

*Vamos a ver, señores: ¿Qué traballo lle costaría a Sub-Comisión de Cultura propor tres premios de dous mil quinientos pesos cada un, para premiar os seguintes temas: A millor novela, a millor comedia, a millor colección de ensaios, sobre temas diversos? Esta Sub-Comisión está formada por persoas que teñen que saber algo d'estes mesteres. En ela está Cao Turnes, que ten emoción galega; está o doctor Barrio, que non a ten, pero que a súa ilustración pode suplirla; esá Neira Vidal, que carece de sensibilidade galega; pero non é un home torpe, e se quere, coa sua gravitación, pode facer moito n-este senso. E preciso crear fortes premios para traballos en galego. O Centro Galego pode facer unha gran obra patriótica, como a fixo o da Habana, que pode servir de exemplo.*

*A colectividade ten a impresión de que os dirixentes do Centro Galego, lle teñen fobia ao noso idioma. Até a revista oficial do mesmo Centro, desde fai un tempo a esta parte, ten proscripto das suas páxinas o galego. ¿Obedece esto a unha consña? Parécenos, non sabemos si estaremos acertados, que o que debe facer a Sub-Comisión de Cultura, é cambiar de asesores ou "conselleiros"; ou reforzal-a con outros homes que sean galegos auténticos; e de cultura e idioma galegos. As cousas postizas non dan bon resultado, e moi menos se teñen relación cos sentimentos patrios. Porque, se pode dispensar a falla de sensibilidade galega en homes que emigraron de pequenos, e a sua formación mental realizouse fora da patria; pero, xa non reza así con outros que teñen a obriga, sobre todo, si se chaman galeguistas, de proceder d-acordo a estas directivas. ¡Non se pode estar a ben con Deus e co demo! Este é un tema da más elevada importancia, e volveremos encollerado oportunamente. Esperamos, mentras tanto, que os nosos amigos da Sub-Comisión de Cultura do Centro Galego, reitifiquen a sua maneira de pensar: de pensar e de sentir!*

pon medo o porvir. Galiza, no intere en que lle pidamos o esforzo decisivo, saberá respondernos.

Por eso non os altera o feito de quedar oxe fora do goberno. Para nós é unha honra non pertenecer a él. Precisamente, quando escribimos estas liñas, noticias chegadas da España e de París, revelan que os sinceiros republicános escomenzan a darse conta de que han sido engañados cunha burda maniobra entreguista, e a reacción non tardará seguramente en producirse dun xeito exemplar.

Por que as cousas se encaminan cara á solución que debe primar para a consecución dos nossos ideais, facemos votos, esquencendo aldraxes, en ben da República para España e da Autonomía para Galiza.

*gallegos que andan p'o lo mundo son a una reserva que nos queda pra reconstruir o noso fechar desfeito...*

Palabras que deben ser para nosotros y para todas las organizaciones gallegas de América, una llamada hacia la unión de todos y de todas, un sagrado deber en estos instantes, por encima de partidismos que pudieran dividirnos.

Por sobre todo y ante todo, debemos poner nuestro amor por nuestro amor por nuestra amada tierra hacia el logro de los ideales que llevaron al sacrificio, a los innumerables héroes que en el pasado y en el presente regaron con su sangre los campos verdes "da nosa terra", por su amor a la libertad. Debemos y tenemos que ser dignos de los que como Cristo, "murieron por redimirmos".

Contamos para ello con organizaciones poderosas en toda América, con hombres capaces de encuarzar y guiar nuestros esfuerzos y voluntades, con órganos de opinión, como el valiente semanario de Buenos Aires (que debiera ser diario "A NOSA TERRA", cuyo facsímil publicamos y tantos otros). Es decir, que contamos con la fuerza necesaria y medios poderosos para encuarzar la corriente de nuestros ideales hacia el bien común, pudiendo transformarse esa corriente con la unidad de acción, en fuerza irresistible que destruiría los obstáculos individualistas y ambiciones personales que pudieran oponerse a la consecución de nuestros fines.

Velai o artigo:

### DE NOS PARA VOS

Hace poco tiempo, tuvimos la satisfacción de que nos visitara y por tres meses estuviera entre nosotros, en viaje de negocios, uno de esos hombres, del que pudieramos decir con razón sobradamente que encarna al genuino, al verdadero emigrado gallego en América, que como muchos otros y al revés de otros muchos, ni las vicisitudes ni las adversidades con que se enfrentaron a su llegada a tierras de América, ni andando el tiempo su posición elevada, conquistada a fuerza de inteligencia, trabajo y perseverancia, no hicieron cañizar en él, el alma, la personalidad, el espíritu, en fin, del hijo de esa bendita "terra nosa" tan pocas comprendida hasta ahora, y por desgracia aun, por muchos de los que allí nacieron.

Jesús Canabal, residente en el Uruguay, la república hermana donde tantos de los nuestros fijaron su residencia, es la personalidad a quien nos referimos. De muy arraigados y fructíferas ideas liberales, con un amor profundísimo por "a terra meiga" que lo vió nacer, con una modestia y personalidad muy "galleguísima", dejó entre nosotros en el corto tiempo de su visita, una estela de amistades y cariño, al alejarse de nosotros.

En muchas de las conversaciones que con él sostuvimos, hablamos de la necesidad cada vez más sentida, de un mayor acercamiento entre todas las organizaciones gallegas de América, para una mayor comprensión e intercambio de ideas y de trabajos que nos son afines, sobre todo con relación a nuestra Galicia y con mayor motivo en estos momentos de incertidumbre para nuestro pueblo, ante la tragedia de dolor y miseria porque atraviesa. Recordamos muchas veces las palabras de nuestro eximio CASTELAO, las cuales deberíamos llevar grabadas en el alma todo buen gallego: "Os

No somos separatistas. Trabajamos constantemente con todo amor y perseverancia por la restauración de la República Española, por derrocar el régimen dictatorial del fatídico franquismo y continuaremos luchando con el mismo ardor hasta lograr imponer los derechos del pueblo español para gobernar sus destinos sin interferencias extrañas por bien de toda España, pero no quisieramos, y para ello debemos estar preparados, que no se siga repitiendo la historia de los poderes centralistas y para que nuestra región, no siga siendo la eterna Céntrica por la desunión de los nuestros y las ambiciones políticas de aquellos que con un acta de diputado bajo el brazo, al llegar a Madrid, olvidáronse "de caldo gallego, para comer cocido creéndose fartarse mais".

Por todo ello, creemos de nuevo que deber hacer un llamamiento a todas las fuerzas gallegas de América, a todas las organizaciones, al valiente semanario "A NOSA TERRA", para intensificar una campaña general de mayor acercamiento hasta lograr una unión general para impulsar los ideales en favor de Galicia, por Galicia.

Ojalá que estas ideas pobresmente expresadas, pero hondamente sentidas, fueran acogidas con el mismo amor y profundo sentir con que están arraigadas en el corazón de los que figuramos en Casa Galicia de Nueva York, por bien de Galicia y de España.

Salud, hermanos de América. Terra Nosa.

VICTOR FERNANDEZ



## Aitividades Dos Guerrilleiros Galegos

A pesares da terribel repre-  
sión efectuada na Galiza dende  
que escomenzou a rebelión mili-  
tar nazifeixista, o espírito dos  
alegos mantívose ferme e fidel  
República. Proba delo é o que  
ocurriu oce na nosa terra. Cerca  
de 11 anos van transcurridos de  
persecucións, encarcelamentos e  
mores, e ainda non se apagou  
a lus do ideal que arde nos pei-  
tos dos nosos irmáns.

Polo contrario, cada vez xur-  
le más varil a protesta e cada  
vez aumenta a número dos que  
non temen espoñer a sua vida  
para combatir cara a cara ao ré-  
xime oprobioso que os asballa.

En todalas partes da Galiza  
ocurren feitos que amostran o  
coraxe dos "bandidos", como dín  
as autoridades. Entran nos po-  
vos e executan diante dos veci-  
ños aos falanxistas culpabeis de  
mortes de inocentes; atacan á  
Garda Civil e sosteñen tiroteos  
con forzas do exército; non dei-  
xan dormir tranquilos aos que  
outrora alardeaban de haber  
"paseado" a tantos e cantos;  
son, en fin, os precursores da  
xustiza que un día locirá sobor  
da Hespaña entera.

Os xornais destos días traen  
noticias que confirmán o que es-  
tamos dicindo. Un telegrama da-  
tado en Madrid anuncia que nos  
arredores de San Iago de Com-  
postela, dous "bandidos" foron  
mortos e outros dous feridos  
 nun encontro coa Garda Civil e  
unidades do exército. Non fala  
das paixas que houbo antre os  
feixistas; pero é de supoñer que  
algúns habería, porque os  
"bandidos" non tirarían con  
bombóns. Os mortos son —con-  
tinúa o telegrama— Norberto  
Castillo Giménez, "xefe do se-  
gundo grupo de resistencia na-  
cional" e Manuel de la Maza, a  
quen as autoridades identifican  
como dirixente da organización  
clandestina da Confederación  
Nacional do Traballo. Como se ve  
os "bandidos" resultaron ser  
dous valentes defensores da Re-  
pública.

Outro telegrama do mesmo  
orixe dí que o domingo 22 do  
mes en curso, foron mortos tres  
"guerrilleiros" —esta vez non  
eran "bandidos"— nunha aldeia  
situada a 24 kilómetros ao no-  
roeste da mesma cidade de San  
Iago. Agrega que un dos mortos  
foi identificado como Manuel  
Ponte, "xefe das guerrillas de  
Galiza". (Conste que as comi-  
llas non son nosas).

Na propia Compostela acaba  
tamén de ser axusticado Isidro  
Caramés Pagés, natural de Mu-  
ros e condenado a morte por un  
tribunal militar, baixo a acusa-  
ción de ataque a man armada.  
(Xa sabemos o que quere decir  
eso de "ataque a man armada":  
defensa da República).

Noticias da fronteira franco-

hespaña anuncian a chegada a  
Biarritz de tres loitadores gale-  
gos, condenados a morte, que  
poderon escapar ocultándose  
nunha embarcación pesqueira  
no porto do Ferrol. E cando o  
barco estivo en outa mar, os tres  
fuxitivos obrigarón á tripula-  
ción a arriar un pequeno bote  
no que se dirixiron a remo ao  
devandito porto francés.

Nas declaracións feitas ás au-  
toridades francesas manifesta-  
ron que habían sido condenados  
a morte por un tribunal militar  
franquista fai 18 meses, pero  
que conseguiron fuxir da prisión e

ocultarse entre os "maquis" de  
Galiza até que finalmente diri-  
xíronse ao Ferrol, de onde poi-  
deron chegar a França na forma  
descripta.

Como se ve, a nosa xente non  
se acobarda pola crudel repre-  
sión falanxista e loita cun espí-  
to de sacrificio e desprezo da vi-  
da, que tarde ou cedo non dei-  
xará de dar o seu froito. A estes  
valentes defensores da Repú-  
blica e da autonomía da nosa Te-  
rra, deben axudar todolos gale-  
gos que teñan na súa alma unha  
chisca de amor á libertade e á  
diñidade humán.

## Sociedades Galegas

Dentro da comunidade ibé-  
rica, as coleitividades galegas es-  
palladas por todo mundo erguen  
por enriba das outras o seu es-  
píto de solidaridade, xuntándose  
en institucións que polo nu-  
meros e o número de integrantes,  
son verdadeiros entes de pe-  
so no orden económico.

Naméntras os seus nomes son  
desplegados nas fachadas de ma-  
níficos edificios, nótase, sin em-  
bargo, a falta de ourentación no  
senso espiritual que trae apare-  
llado un desgraciado divorcio co  
sentido humano con que debe ser  
definido o "por qué" de toda or-  
gaización social.

Todo galego ó ingresar nunha  
institución galega non é porque  
non conozca clubs recreativos ou  
deportivos, nin deixen de ser  
atendidas as suas doenzas en es-  
tablecementos apropiados, sinón  
que ese mesmo despertar da al-  
ma ante o fungar doce dunha  
gaita, tamén se sinte ante o con-  
xunto cuia fisionomía cultural  
identificámonos con nós, e nós iden-  
tificámonos con él, sentíndonos  
máis ceibes, e máis "nós", lem-  
brándonos das horas vividas na  
garimosa terra en que vimos a  
luz primeira.

Cando unha institución galega  
non expresa o sentir da nosa  
alma, carece de sentido e polo  
mismo de alma; pois a alma dos  
povos é a sua cultura ou expre-  
sión do seu desenrollo hestórico.

Certa vez nunha das insti-  
tucións, o paroileiro —"o pare-  
cer galego"—, que facía de  
anunciador polo micrófono ó  
remate d'unha muñeira, co ar-  
dor con que a nosa sangue alien-  
ta o espírito en tales casos, eis.  
crema moi ufano: "Aquí si que  
hay sangre torera, eh". Pobre  
home! ¡Enchernos de sangre tor-  
era!, a nós! ¡Qué ben lle viña-  
ler, "e non repasar", porque a  
fé que nunca o viu, o párrafo  
XXIV da terceira parte de  
"Sempre en Galiza", de Caste-  
lao! Alí sabería que nós, os ga-  
legos, somos precisamente a an-  
titesis da xitanería e do tourei-  
rismo... e de muitas outras  
cousas con que nos pretenden  
identificar polo mundo.

Como éste, muitos son os que  
forman a estrutura ourentada-  
ra do senso a impremirnos ás  
sociedades rexionais, e por eso,  
o galeguismo é mirado ainda de  
reollo por tantos paisanos nosos  
que sin coñecer os nosos oríxe-  
nes raciales, a nosa hestoria, a  
nosas literatura, a nosa xeogra-  
fia económica, nin comprender  
a nosa psicoloxía, van por ahí  
decindo que o galeguismo non  
ten arranxo na coleitividá. En  
galegos como eles non, pois non  
basta, pra ser tal, haber nacido  
na terra de Breogán, sinon sen-  
tirse descendente dos seus fillos,  
de Roi Xordo e a épica irmandi-

## Importante Xunta da Galegos da Plata

Por encárrego do Consello de  
Galiza a Irmandade Galega de  
Bós Aires convocou a unha xunta  
de entidades co gallo de  
considerar o intre político dian-  
te da tramitación da derradeira  
crisis do goberno republicán no  
eisilio e informar da situación  
do persoílo da Nación galega,  
irmán Castelao, no devandito go-  
berno.

A xunta tivo lugar no Centro  
Ourenseño o día 10 de abril  
i estiveron representadas a Fe-  
deración de Sociedades Galegas,  
os Centros Ourenseños, Ponteve-  
drés e Coruñas, a Asociación  
A. B. C. de Corcubión, a Irman-  
dade Galega e o Centro Ouren-  
sán de Montevideo. Presideu o  
vello galeguista, representante  
da Irmandade, don Pedro Cam-  
pos Conceiro, na compañía dos  
conselleiros Villaverde e Alonso  
Ríos.

O conselleiro Villaverde infor-  
mou en col da sua participación,  
representando ao Consello de Ga-  
liza, na delegación que asistiu á  
toma de posesión do presidente  
do Uruguai, destacando a gran  
de simpatía con que o povo e au-

ña, como do valor e patriotismo  
de Pardo de Cela frente ós Rei-  
ses Católicos. E preciso saber  
que a nosa língua non é un sim-  
ple dialeuto, sinón un idioma,  
fillo do latín, irmán do castelán  
e pai do portugués. E preciso  
comprender que a nosa paisaxe  
tráenos na memoria a morriña,  
producto da nosa peculiar psico-  
loxía e berce da nosa música na-  
cional galega. E todo elo danos  
un "caráter" nacional do cual  
temos a obriga de ser todos di-  
ños representantes e defensores,  
ali, eiquí, e donde queira que  
sexa. Entón volverá o aturuxo  
a desplazar o olé das nosas festas  
e verase que a nosa sangue  
non é toureira, sinón lírica, ga-  
rimosa, ensonadora e, por sobre  
todolos cousas, honrada e tra-  
balladora.

Abellón.

tidades do país veciño acolle-  
ron aos representantes dos po-  
vos asoballados pola tiranía  
centrista e burocrático-feixista  
de Franco. Puxo de bullo que,  
ainda que o goberno Llopis tiña  
agraviado a Galiza, deixandoa  
sin representación, o Consello de  
Galiza estimara doado non negar  
o seu concurso á República nin  
desairar a distinguídos republi-  
cán que se tiñan amostrado cor-  
dias con nosco, respetuosos e  
comprensivos no tocante aos di-  
reitos da Nación galega. Os pre-  
sentes aprobaron este xesto de  
outa ollada política, que tan crú-  
contraste opón aos miudos in-  
trestes e noxentos enconos que  
encandilan e degradan a menta-  
lidade de casi todolos políticos  
hespaños.

Douse leitura logo a unha car-  
ta do conselleiro Suárez Picallo,  
na que pon de manifesto o eco  
que en Chile, onde él reside, tivo  
a patriótica aituación de Caste-  
lao e a sua brillante defensa da  
República, dando conta do dis-  
gusto e da protesta da coleitividá  
galega polo aldraxo infeli-  
rido á Nación galega, privánda  
da representación no goberno.

A lus de documentos que foron  
lidos a continuación os con-  
currentes tiveron a impresión  
real dos feitos consumados en  
París, dos que Galiza saía, coma  
de cote, amostrando a sua diña  
lealtade aos ideaes e sofrindo as  
mágoas dos farsantes e logreiros  
da política, tanto xeral coma re-  
xional.

Un animado debate, no que  
tomaron parte Eduardo Alvarez,  
Zapata García, Gómez, López  
Corral, Puente e o representante  
do Centro Ourenseño de Mon-  
tevideo, desenrolouse en col de  
tan interesante asunto. Todos  
coincidiron no ton de indiñada  
protesta, na necesidade de aper-  
tar fías e redoblar esforzos en  
defensa dos direitos da Patria  
Galega, e nas loubanzas a Cas-  
telao, o grande persoílo da Na-  
ción galega, que coa sua ollada  
intelixente e a sua conduta lim-  
pa enalteceu a nosa Terra e sal-  
vou a diñidade da República,  
diante da claudicante e vergo-  
ñenta aititude dos falsos repu-  
bricás de todolos seítors.

Coma resultado de tan anima-  
da xunta, acordouse formular  
un voto de confianza e de aplauso  
a Castelao polo leal re-  
presentación de Galiza e a exem-  
plar defensa da República. Ta-  
mén se acordou felicitar aos pe-  
riódicos "Galicia" e "Opinión  
Galega" polo sua varil defensa  
da República Hespaña e dos  
direitos da nosa Terra, oxe aso-  
ballados no interior polo cen-  
trismo feixista e menospredados  
no eisilio polo centrismo "de-  
mócrata".

## Arestoras Chámansen a Engano

Son os avivados que quixeron  
madrugar, i-los parvos que se  
deixaron engaiolar polo verbo-  
rrea do monarquizante Indalecio  
Prieto; os que dentro e fora da  
Península atopaban ben que se  
guindara co goberno Xiral, pen-  
sando soio en botaren a correr  
polo atallo, pechando os ollos  
coma touros que arremeten es-  
contra do trapo roxo, ou coma  
bois famentos que non paran  
deixa bater cos fociños no piote  
baleiro.

Agora estarrican a cara ou po-  
ñen oollar tristeiro: iles non  
coidaban que os monárquicos  
achegeirán a áscoa a súa sor-  
diña, nin que os ingleses se fan  
a bulrar do Llopis non tomardo  
en serio ientrando en novos  
arranxos con Franco. Malpocados!  
Teñen o premio da sua  
claudicación e da sua desleal-  
dade.

A ilusión de Prieto é voltar  
aos bos tempos da sua oposi-  
ción a S. M., sin ter que dar con-

ta das xoias que lle serviron pra-  
levar vida de sátrapa ourental  
en México namentras que miles  
de refuxiados soportaban e so-  
portan duras privacións e, no  
interior, se pasa fame e frío, ou  
se aguanta a dura vida dos montes  
ou o marteiro das cárceres. E o  
bandullo de Prieto o que  
busca acomodos coa monarquía.  
Bandullo cheo que quere dixerir  
tranquilo. E os estraperlistas da  
Hespaña, e os mouros inquisido-  
res ven niste bandullo sin con-  
cencia, niste "proletario" prote-  
xido polos banqueiros de Bilbao,  
un bon piloto pra capear o tem-  
poral que se lles aveciña. Xún-  
gueos a il a coincidencia dos pecados  
que teñen de purgar i-a  
coincidencia de intereses que te-  
ñen de defender.

E o bandullo xa ten ergueita  
ao vento a sua "patriótica" e  
negativa bandeira de doux antis:  
anticomunismo e antiseparatismo,  
coma que pensa acochar pecados  
e intereses das sancions

da xustiza.

Nistes días os xornais refrei-  
gan o desencanto sinceiro ou fin-  
ido de aquiles parvos e de aquiles  
avivados que axudaron, pri-  
meiro, e celebraron, despois, a  
caída do goberno Xiral. Veu, ou  
finxen ver, que non é arrastrán-  
do con espíto servil como se  
conquira o respeta dos fortes,  
nin é pactando cos criminais e  
ladrones a millor maneira de acar-  
dar xustiza. E non lles queda ou-  
tro remedio que estarricaren a  
xeta e baixar a ollada diante da  
desconsideración das democra-  
cias e da trunfal fachenda de  
Franco e dos monárquicos. E  
Prieto sigue hinchando o globo  
do separatismo e do comunismo,  
que é a millor maneira de trai-  
ciolar a República iaxudar aos  
seus compinchos monarquizan-  
tes, estraperlistas e inquisidores.  
E, se cadra, tamén aos se-  
paratistas e comunistas. Que tamén  
a don Inda lle pode fallar  
a xogarreta, e dasarase de listo.

Camisería de  
mesura fina

PREZOS BOS

BRIGO

Sáenz Peña 14 - Bós Aires

Bar  
"QUITA PENAS"  
— de —

VAZQUEZ y VAZQUEZ  
Reservado para familias  
Servicio esmerado y  
económico

Gral. URQUIZA 602  
Frente al Hosp. Ramos Mejía

# A Federación de Sociedades Galegas Celebrou con un Grande Aito o 16º Aniversario da República

O dia 12 do corrente, tuvo efecto na prestixiosa Federación de Sociedades Galegas a lembranza da implantación da República en España. Con este gallo, foi servido a hora oportuna un espléndido "lunch", ao que concorrerón o redor de 300 personas.

Diríxeo a verba aos presentes o Secretario Xeral da Federación, noso irmán Antón Alonso. Pronunciou éste un conceituoso discurso, que foi moi aplaudido por todos os presentes. O feito de que o publicamos íntegro —dado o seu outo valor conceitual e acendrado galeguismo— relévanos de facer aquí un extracto do

mesmo. O leitor xusgará por si, a franca posición autonomista da gran entidade galega, que é hoxe o centinela avanzado da nosa democracia, en este país.

Neste aito, estuvieron representados os Centros Ourenseño, Pontevedrés, Coruñés, Lucense, A Irmandade Galega e a Cámara de Comerciantes Republicanos Hespañoles, cuxa presidencia exerce o noso irmán Manuel Puente. Especialmente invitado, asistiu o diputado e Secretario do Consello de Galicia, irmán Alonso Ríos. Foi un aito de verdadeira emoción galega e republicana, do que a concurrencia ficou gratamente impresionada.

## O Discurso do Segredario da Federación

Síñores:

A Federación de Sociedades Galegas, celebra hoxe, con iste aito, o 16º aniversario da implantación da República en España, outido por vontade unánime dos povos, coma arela a unha vida máis democrática e digna; e con máis posibilidades de meirante de progreso e grandeza. Acorde con estes nobres e xustos anecios dos povos de España, nos os emigrados galegos diste país, temos boitado con verdadeiro tesón e con lealtade increíbel por tan santos ideais. Boa mostra dilo témoña na traietoria comprendida pola nosa Federación no xa longo decorrer da sua fecunda vida.

Iste novo aniversario, cámprase no meio do caos en que deixou ao mundo a derradeira guerra provocada polo reacionarias, oseurantistas forzas do mal que operan no fondo tebroso das sociedades humanas. España foi a primeira vítima distas forzas; a sua guerra civil, pode afirmarse, foi o prólogo da terribel catastrofe que asolou a Europa perante seis anos, cuias tremendas consecuencias estamos apalpando e sofrindo. Mais o nemigo tenido vencido. Os povos azotados polo feixismo, gozan hoxe de liberdade e están orgaizando a sua vida pra emprenderen a marcha fitando a un mundo millor, libres do horribel pesadelo do "nazismo".

¿E a nosa España? Pra vergonza e bulra da civilización occidental, permañeece, afná, esmagada e xemendo debaixo do más cru e bárbaro dos despotismo. A indiferencia das democracias europeas i-americanas diante de noso dor, resulta criminal e indiñante. Os que tiñamos dado credito aos homes da Carta do Atlántico, temos sufrido unha aceda decepción. Os povos que sofriron o castigo nazi, tiveron ao mundo a seu favor e non deixaron de contar coa simpatía e co apoio entusiasta i-afervorado da España democrática. Mais a democracia hespanola está debantendose no meio dunha soildade angustiosa, abrumadora. Ao seu amor opone unha indiferencia egoísta, fría e insoládaria, que non condí coa tan apalpada xenerosidade i-altruismo da civilización distes tempos. Mais, non importa.

España ten sido, é, e será decote un país de grande reservas moraes, e os seus homes saben seren decote homes, por más reviradas e duras que sexan as circunstancias, como quería Séneca.

A España democrática, que estivo esperanzada na axuda, moralmente obrigada, das grandes potencias, pra ceibar do feixismo ominoso que a asoballa, imposto a España coa calada complicidade das mesmas, ten aprendido, ainda que tarde, que non debe confiar nas engaioleadeiras promesas das naciones que ao través dos séculos tiñense feito merecentes do xusto ditado de pérfidas, as que soio lles interesan os proveitos choios comerciales, ainda que os tales choios teñan de seren feitos con bandidos. Imperios de moral farisaica, construídos enriba da ignominia, ¿qué lles importa unha infamia máis? Por iso a democracia hespanola apréstase praloita xurdia e terribel, segura. Se os guerrilleiros famosos de antano, chamaron fora de España as hostes napoleónicas; ¿cómo non van a chamar os de hoxe, aos bárbaros falanxistas? E' choio de xudalos, de fornecelos de todo aquilo que lles compre pra tan arriscado loita.

E tan certo o que decimos, que, sin subestimar o imponderabel da opinión pública universal, sin a bancarrota económica, orixinada na sua incapadeade, sin as inocuas amonestacions da UN, o que obriga a Franco a cambiar a estrutura do Estado, aunque iste cambio soio sexa apparente, buscando afirmalo sobre da monarquía tradicional, é, precisamente, a boita interna: a desbedencia civil; a folga; a propaganda crandestina, cos seus terríbels sarcasmos; o sabotaxe, e moitos outros factores de carácter psicolóxico, aos que non hai maneira de vencer, darán por terra con réximen nefasto. Nos, os repubricanos emigrados, debemos fomentar a estimulación destes factores, a fin de que i-les sexan eficaces, e o más axiña posíbel.

A situación de Franco é insostenible, por más baionetas que o apoien; pois estas poden serviren pra todo menos pra sosterse sobre dilas. Dixou que sabía moito distas cousas,

e que tampouco a él lle serviron pra sosterse no poder. Mais hai que estar alerta, porque non terá de fallar quem deseñe sustituirlo. Os monárquicos axearán o intre axeitado pra por nectrón a don Xoán; as costas, naturalmente, da auténtica vontade do povo, invocando direitos e tradicionis. Isto ocorrira, os repubricáns, e sobrado os autonomistas, teríamos perdido lastimosamente o tempo, ademáis das innumerábeis vítimas da guerra civil e do réxime totalitario. Ten chegado, pois, o intre de aiutar con cau-

tido, pra desdita sua, unha grande Revolución: unha Revolución con mausela, que abalará, deixa os címentos, e remexerán ben fondo, até o más íntimo, a sociedade hespanola.

Tivo a Italia, eo seu magnífico Renacemento, tivo Alemania, coa sua grande Reforma relixiosa; tivo Inglaterra, a meados do século XVII, que lle custou a vida a Carlos Iº; tivo Francia, síntese das devaneiras, que acabou co réxime feudal; e, derradeiramente, tivo a Rusia. E decir, que todo los grandes povos que camiñan hoxe a cabeza da civilización e da cultura teñen sofrido a sua revolución, a sua "catarsis", que purificou até a derradeira pinga do seu zugo vital, trocandoos, de países cáticos, en nacións fortes, bariles e progresistas, sin perder por iso a esencia do seu xeño. España, en troques, tivo centos de motins, guerras civis inuties, coartelazos; mais sin ningunha trascendencia fundamental; non significaron nada novo; asomade una pequerecha evolución, cando non un recuo, coma no caso actual. Convirtámos, pois, a nosa derradeira guerra civil, que tantas vítimas teñeu, e tantísimos danos moraes e materiais, nunha auténtica Revolución.

A nova República debe ter unha estroitura moderna, axeitada as verdadeiras necesidades dos distos povos que habitan na Península. ¡Apena a alma, atristura o corazón, oollar que, afná dempois do río de sangre fraternal que deitou polo chan da Patria, arrestos quedan repubricáns, socialistas, etc., que dexesen voltar a constitución do 31! Cómá se nistes 16 anos non tivera ocurrido nada novo no mundo! E necesario anovar as mentes, compre desbotar prejuizos, e mestre modernizar, totalmente, a vida política e social hespanola. Non se pode seguir gobernando con homes e ideas que deberán estar, fai tempo, nun museo de arqueoloxía. Non é a cultura a que determina a natureza, senón a natureza a que determina a forma a cultura. Na Península Ibérica, a xeografía determina diferenças fundamentais no xeito de sentir e de pensar dos seus habitantes. Hai unha España diferenciada; non invertebrada, coma dí Ortega e Gaspar. España sería perfectamente vertebral nunha ampla simbiose política, se os estadistas hespanoles, da esquerda coma da dereita, non foran tan teimosamente, tan obtusamente centristas. Unha proba evidente i-apalabrével do que decimos, é a attitude vergonxa de certos faraóns políticos, mal chamados de esquerda, que co seu influxo impidieron que a nosa Galiza tivera a xusta e merecida representación no governo hespanol residente en París; terribel Ladraxan-

te desprecio, dempois habela tido no primeiro goberno republicano no exilio, presidido polo señor Xirál. ¿A qué se debe ista humillación? Por caso o povo galego non conquistou o plebiscito histórico da sua cidadanía, realizado o ano 36, e tendo, por demais, estado pabramentar, o seu direito lexítimo a esa representación! Isto revea, disgraciadamente, que nadie teñen aprendido os gobernantes hespanoles. Urxe, pois, renovar "elenco" do reportorio políticos, tal logo como se normalice a situación da Península. Renovarse ou morrer: isto é o duro dilema. Con gobernante dista natureza, non é estranho que se acentifien, cada vegada máis, os separatismos.

Os cataláns e os bascos están na orla do mesmo. O informa o cable: esto. Os galegos, a xusgar polos datos directos e fidediños que nos chegan da nosa Terra, ocorre quasi entanto, "hai tantos coma piñeiros", según reza unha frase epistolar. Ademáis o amarguelo que deixon na almas dos emigrados galegos na América, a aititude inconsulta do aitual gabinete republicano, pra coa sua Patria, producen un descontento que nos sabemos se chegará a unha postura abertamente separatista. A isto leva a isolante concesión, e a falta de responsabilidade de certos políticos hespanoles.

Correligionarios e amigos: A "Federación das Sociedades Galegas da República Argentina", acaba de soborpasar un carto de século de loita incesante i-afervoada polos ideais repubricáns i-autonomistas, e seguir loitando outros ventecincos, ou ceanos, se fose necesario, deixa ver afimada definitivamente, a nosa República Ibérica, onde a nosa Patria gala disfute dos direitos de autodeterminación e de goberno propio, si os que non alcanzará endexamais desenrolar a sua cultura diferenciada o medro da sua riqueza i-o desenvolvimiento cumprido da sua personalidade histórica. Por istes fins, quón son consustanciais con unha república amplamente federal, e que debem loitar todos nos. O noso lema ten de ser: Autonomía e Repùblica; República e Autonomía. Aprosiman grandes contecimentos na vida política da Península; hai que estar atentos, pra incorporarnos a i-les e dálles a ourentación que desexamos. ¡Qué ningunha deserte! ¡Qué ningunha afroxé! Isto eisexo a difidide de Galiza, e isto pideno os nosos irmáns aferrallados na cadea; o, dende eternidade, é isto o que demandan os mártires.

Irmáns na Patria: Saude e, Ter a Nosa!

Teño dito.



ANTONIO ALONSO

## A Sociedade Fillos de Padrón visita o Fogar Galego

O domingo 19 derradeiro, a entidade do epígrafe reaizou unha visita ao Fogar Galego para Ancianos, a fin de levar aos vellos que nel se albergan un pouco de alegria e agarimo.

Numerosas familias, portando as obrigadas empanadas e outros manxares propios de tales casos, pasaron un día de campo en Domselaar, ao mesmo tempo que facían unha obra de caridade.

Non faltaron as gaitas e os tamborileiros, que repinicaron as tradicionais danzas, bailadas pola concurrencia e por algúndos acollidos, que lembraban os seus tempos de mozos bravíos e fachendosos.

Repartíronse roupas e comedibles entre os vellíos, que non cabían en sí de contento, e ao final, rematáronse varios ouxentos cujo importe servirá para axuda do Fogar.

Foron atendidos polo vicepresidente, Dr. Rey Baltar, e polos membros da comisión executiva, Sr. Bermúdez Abente e Dr. Antonio Baltar, quenes eispressaron ao entusiasta presidente da sociedade padronesa, Sr. Xosé González e ao ativo segredario, Sr. Suárez, o seu agradecimento pola xentil festa reaizada en honor e axuda dos que todo o esperan da coperación e boa vontade das sociedades galegas.

## O seu TRAXE

## O seu SOMBREIRO

## A sua CAMISA

## A sua ROUPA INTERIOR

MERQUEOS EN:

**CELTÁ**

FEDERICO LACROZE 4086  
UNHA CASA  
ENTEIRAMENTE GALEGA

**Francisco Blanco**

CIGARRERIA POR MAYOR Y MENOR

Av. SANTA FE 1100

U. T. 41, Plaza 0278

Despoles inseñámoso,  
Forza, nosquido guindado,  
Pode optimar o ferro,  
Un corpo enfaquecendo  
Mais as noites frias,  
E gloriosos instantes...  
Eses... non pode, non o  
(dous ferros),  
Nin a morte, enteñemento  
Edoardo RUNDALL

# A Nosa Terra

(NUESTRA PATRIA)

Ano XXX

BOS AIRES, ABRIL 1947

Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

COFREO  
ARGENTINO  
Central B

FRANQUEO PAGADO  
Concesión No. 2032  
TARIFA REDUCIDA  
Concesión No. 2727

Núm. 455

DO CANCIONEIRO DA NOSA LOITA

## Ríos de Galiza

"O río cando vai cheo  
leva carballos e follas;  
tamén debía levar  
as léndoas marmuradoras".  
(Cantar do povo).

Río Miño, río Sil,  
río Sar, cuas orelas  
cantou a i-alma dorida  
da nosa santiña meiga;  
ríos Ulla, Limia e Tambre,  
ríos de Galiza enteira,  
que os dones, ides, da vida  
repartindo pol-as veigas,  
oxe non levades follas,  
nin carballos, nin as léndoas  
que o povo, nas vosas augas,  
ver levar tamén quixera,  
oxe levades a couxa  
que máis valor ten na terra,  
levades a sangue mártir,  
que a chorros saéu das veas,  
dos nosos irmáns caídos  
en esta loita suprema.

Tamén levades as bágoas,  
de fonda amargura cheas,  
das nais, que non se consolan  
enxamais da súa perda.

Correde mansos, calados,  
mimosos, doces, sin presa,  
deixando polo camiño,  
embebido de tristeza,  
ao pé dos bós ameneiros,  
que vos afincan as veiras,  
bicos d'amor i-esperanza,  
cantares de gloria eterna,  
alboradas de xustiza,  
ecos de futuras festas,  
aleluias de vitoria  
i-hosannas de paz fraterna.

Recollede, a máis, de paso  
por campos, vilas i-aldeas,  
os regos de maldicións  
que baixan do alto das serras;  
os sospiros de lembranzas,  
remexedoras de penas,  
i-os regatos mormuxantes,  
que rebulen antrás pedras,

por  
RAMÓN REY BALTAZAR

e cargados van de choroas  
e rezos de probas velhas.

Pasade por antrós montes  
rosmando unha cantarela,  
pra escorrentalos pantasmas

levades de sementeira,  
guindalo a eito, a puñados,  
nas nosas campías ermas,  
que froito darán abondo  
n'unha nova primaveira.

Cruzade presas, barrancos,  
pontellóns, pontes, pontellas;  
milleirales e viñedos,  
piñales e carballeiras;



das vosas mortas ribeiras.

Saltade, coma rapaces  
que fan unha xogarreta,  
nos rodicios dos muíños  
pra que pan o forno feña.

Regade brañas, cortiñas,  
prados, hortas, agros, leiras,  
sin deixar nin un curruncho,  
por pequenijo que sexa,  
que non quede ben bañado  
pol-as vosas ondas ledas.

O limo que nas entrañas

furade as altas montañas  
pra pasar a través d'elas,  
e correde sin descanso,  
nin dar moitas voltaredas,  
polos vales anguchados  
que sedentos vos esperan,  
cara o mar onde s'atopa,  
navegando a toda vela,  
a barca dos nosos sonos,  
cal ningunha mariñeira.

¡Río Miño, río Sil,  
ríos de Galiza enteira,  
oxe levades a sangue  
roxa das nosas arterias!

## O 14 de ABRIL

No meio dunha confusión desconcertante, acaba de transcurrir un novo aniversario daquel falso acontecimento no que a España guindaba, como trasto vello, a monarquía secular, que ha biso feito incompatibel co povo.

A República chegaba chea de ilusións e impreñada dunha euforia raiana na candidez. Non a deixaron durar moito. Despois de cinco anos dunha eisistencia azarosa e doutras dunha loita desigoal, sucumbeu a mans dos seus eternos inimigos, axudados polo feixismo internacional e coa complicidade das democracias cebardas.

Sete anos van xa corridos. Pasou a guerra que puxo en perigo a liberdade do mundo. Botáronse moitos discursos, escribirónse moitos artigos e fixéronse moitas promesas para ese

guraren o direito dos povos a ter o goberno que lles petase; pero o caso é que a España, o país onde comenzou a loita provocada polo nazifeixismo, ainda se atopa baixo a opresión do monifate que sirveu de lacaio aos difuntos ditadores.

Os cálculos más pessimistas non podían darlle unha vida tan longa a un réxime imposto polo forza, dende o intre que trunfaron as democracias. A República Hespañola, si hai xusticia no mundo, debería ser restaurada tan axiña como foron vencidos os feixistas. Pero o puritanismo de ingreses e norte americano impide que se repare a inxusticia que se cometeu con un povo a quem se lle privou do direito de defender a súa liberdade.

O 14 de abril de oxe aparesce

rodeado dunha gran incertidume con respecto ao porvir da República, non soio polas influencias estranhas, senón polas proprias, que, anceitando por riba de todo voltar a España, de calisquera maneira que sexa, amóstranse capaces de chegar até o vilipendio con tal de conseguir o seu desejo.

Esperamos que tanta vergonza non chegue a acontecer. Temos fe no povo e non podemos creer que sexa posibel a traición que xa se anuncia polos más apurados.

A NOSA TERRA, ferme no seu posto de combate, protesta enérxicamente contra as manobras entreguistas e declarra que, suceda o que suceda, endexamais arriará a bandeira repubicán e autonomista que lle serve de guieiro.

## Irmandade Galega Celebrou Asamblea Xeral

### Renovación de autoridades

Nos salóns do Centro Ourense, celebróu asamblea xeral a Irmandade Galega o 18 d'abril en curso. Con gran concurrencia de irmáns, e sendo as 20 horas, o Presidente en exercicio, irmán Pedro Campos Couceiro, declararon constituída a asamblea.

Logo d'unhas verbas de salutazón, o irmán Campos Couceiro someteu aos asambrestas a desiniazón do irmán que debía presidir a xuntanza. Por acramación foi desinizado él mesmo pra que presidise a asamblea. Agradeceu o irmán Campos Couceiro a deferencia que se lle dispensaba e, seguidamente, invitou aos membros do Consello de Galiza, diputados galegos irmáns Antón Alonso Ríos e Elpidio Villaverde, a que ocupasen sitios de noto xunto a presidencia. Con ese gallo, a asamblea tributou unha salutazón de quentes aprobos aos ditos diputados do povo galego.

De seguida, o Segredario de Actas, irmán Antón Gómez, deu leitura a acta da derradeira asamblea e tamén a Memoria correspondente ao Exercicio 1946-1947 na cal a Xunta Directiva da Irmandade Galega daba conta da situación desenrolada nese período. A presidencia puxo a consideración a Memoria, sendo aprobada sen observación. O mesmo ocorreu co Balance pertecente ao dito exercicio, do que deu leitura o Tesoureiro irmán Marcelino Lastra.

Incidentalmente, a Asamblea tomou conocemento do ocurrido aos irmáns Avelino Díaz e Marcelino Lastra no seo d'una entidade galega con motivo da situación que, na mesma, desenrolaron nun outo senso galeguista, e acordou felicitálos e tributarles un quente aprobau.

A continuación o Consello de Galiza deu a coñecer a Asamblea notizas sobre da situación do seu presidente, o diputado irmán Alfonso R. Castelao, no pranteamento e solución da crisis do Goberno da República en París, dándose leitura ao discurso que o dito irmán Castelao pronunciou no seo do Consello de Ministros cando se prantexou a crisis no Gabinete Giral. Tamén se lerón as contestacións que o irmán Castelao deu as consultas que lle fixo o Presidente da República, Don Diego Martínez Barrio, cando se tramitaba a solución da crisis. Ises documentos produxeron fonda impresión nos asambrestas, os cales por unanimidade, e a proposta do irmán Lois Gómez, acordaron que se dirixe ao irmán Castelao un cablegrama de felicitación e de prena solidaridade coa sua rexia aititude en defendemento da República e da nosa patria Galiza.

Pasou, dispois, a Asamblea a elecir a nova Xunta pra o período 1947-1948, acadando todos os votos a Lista seguinte:

Presidente . . . . .	Irmán Manoel Puente
Vice-Presidente . . . . .	Pedro Campos Couceiro
Segredario . . . . .	A. Fernández Prol
Pro-Segredario . . . . .	D. Varela Buján
Segredario de Actas . . . . .	Xosé A. Fernández
Tesoureiro . . . . .	M. Lastra
Pro-tesoureiro . . . . .	M. García Añeráns
Vocales Titulares . . . . .	Irmáns Lois Gómez, Edoardo Diaz e Xosé B. Abraira
Vocales Suplentes . . . . .	Leonardo Pereira, Pepe Lopez, Daniel Nogueira e R. Prada

Feita a programación das novas autoridades da Irmandade Galega, o Segredario do Consello de Galiza, diputado irmán Alonso Ríos, fixo uso da verba pra facer unha aferroada galega da Xunta que cesaba e pra felicitar a Irmandade polo novo presidente elexido, o gran irmán Manoel Puente cuio patriotismo galego puxo de relevo, esí como os méritos que ten acadados nos servizos que lle ven prestando a Galiza. Fixo estrictivo, o irmán Alonso Ríos, os seus eloxios aos demás irmáns que integran a nova Xunta, antre os que se ten de facer resaltar o Segredario irmán A. Fernández Prol.

O novo Presidente, irmán Manoel Puente, pronunciou unhas eloquentes e acesas verbas, agradecendo a distinción de que se lle fixera ouxeto e prometendo servir a patria Galiza e defender os seus sagros direitos co máisimo entusiasmo hasta o dia da sua morte.

As alocucións dos irmáns Alonso Ríos e Puente foron afevoradamente aplaudidas.

A asamblea finou pasadal-a meia noite.